

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2010

Sra. Secretaria Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica,

Sr. Secretario Xeral de Medios,

Sr. Presidente do FITCE

Autoridades, empresarios, queridos compañeiros, medios de comunicación e amigos todos.

Noite

Un ano máis quero manifestarvos a satisfacción da Asociación e do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia por reencontrarnos de novo nesta xa tradicional *Noite Galega das Telecomunicacións e da Sociedade da Información*, que este ano cumpre a súa décimo-quinta edición. Desde o Colexio comprácenos ver como este evento, que reúne nun mesmo foro a Goberno, empresas e profesionais das Telecomunicacións e das Tecnoloxías da Información, converteuse, co paso dos anos e co voso apoio, nun referente claro para o desenvolvemento do noso sector. E isto é bo e necesario para Galicia.

FITCE

O 2010 é para nós un ano de especial significado. O noso colectivo de enxeñeiros de telecomunicación asumiu o reto de facer confluír na capital galega o máis selecto das TIC europeas coa organización da 49 edición do congreso anual da Federación dos Enxeñeiros de Telecomunicación da Comunidade Europea (FITCE), un foro de opinión e debate para achegar as últimas tendencias do campo tecnolóxico.

Durante catro días, o Simposio atraeu a Compostela os nosos colegas de Europa, 300 congresistas procedentes dos estados membro, coa súa visión das telecomunicacións. O encontro FITCE permitiunos sumar e compartir non só experiencias e estratexias públicas, senón tamén coñecemento, política, sinerxias, fluxos, etc. Permittiunos debater sobre o estado actual e o futuro das novas infraestruturas tecnolóxicas das telecomunicacións no marco europeo.

Coincidindo coa celebración do Ano Santo, desde a AETG non quixemos ser alleos á oportunidade de ligar a temática que nos é propia (as telecomunicacións) co Camiño de Santiago. Por iso quixemos vertebrar os eixos de FITCE, e, por suposto, tamén os desta velada, arredor da simboloxía do Camiño. Significar o encontro entre a tradición do Camiño coas novas comunicacións que veñen de

Europa e que traen a Galicia desenvolvemento, industrialización e modernización. Sen renunciar por isto á tradición da peregrinaxe desde o seu significado máis profundo.

Durante estes últimos 3 días abordamos temas de actualidade sectorial TIC, tan familiares para todos nós como o apagón analóxico, a banda ancha, a telefonía móbil ou as chamadas “tecnoloxías verdes”. Así como a súa aplicación, vista desde unha perspectiva máis transversal, a outras áreas profesionais como a saúde, o ensino ou o medio ambiente.

Un novo modelo produtivo

FITCE supuxo para Galicia a oportunidade real de demostrar que as TIC deberan ser un sector estratéxico para a nosa economía. E para a nosa recuperación económica. Na AETG somos conscientes deste potencial e así o vimos reivindicando ate a saciedade nos últimos tempos. O necesario salto que debemos dar cara a Sociedade da Información e do Coñecemento esíxenos modernizar o noso modelo produtivo, apostando por un modelo industrial baseado nunhas novas tecnoloxías de carácter transversal con forte impacto na produtividade e a competitividade doutros sectores produtivos, xeradoras de riqueza e sostibles. Entre estas novas tecnoloxías, as ETIC ocupan un lugar de primeira orde.

Unha potente industria da electrónica, as telecomunicacións e as tecnoloxías da información en Galicia, xunto co o aumento da produtividade e a competitividade das nosas empresas que leva parello o uso masivo destas tecnoloxías, constituiría, sen dubida algunha unha magnífica opción para reactivar a nosa economía, crear traballo e saír da crise na que estamos inmersos.

Administración galega

É aquí onde cremos que a Administración Autónoma xoga o seu papel de transcendental importancia, despregando as infraestruturas tecnolóxicas adecuadas, axudando á formación de novas empresas a partir de ideas de alto contido tecnolóxico e axudando a empresas e emprendedores nos procesos de internacionalización para facer que a nosa economía sexa cada vez mais aberta ao exterior e polo tanto mais competitiva nun mercado globalizado, pois se un sector no ten fronteiras, este é o das ETIC.

A Xunta de Galicia debe liderar o proceso de modernización do noso tecido industrial, respectando a iniciativa privada e convertendo a

Galicia nunha sociedade máis moderna, máis competitiva e máis internacional.

Cremos que os plans estratéxicos da banda larga, o plan de modernización das administracións públicas e a axenda dixital van nese camiño e tamén, convencidos do aspecto democrático e de igualdade de oportunidades que ofrece o desenvolvemento tecnolóxico, cremos na aposta decidida do goberno galego para que a banda ancha chegue a todo o territorio coa tecnoloxía máis apropiada en cada caso. Son as novas Infraestruturas as que permiten que a xente continúe vivindo, traballando e facendo negocio no mundo global.

Debemos crer neste obxectivo e investir nos recursos económicos e humanos e nas doses de imaxinación e empeño necesarios para conseguilo e por iso desde o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia queremos ofrecer á Xunta de Galicia a nosa plena colaboración para pór en marcha este proceso de transformación e contribuír así á modernización do noso país.

Incerteza

O noso sector tamén anda a voltas cunha crise de distinta índole: a crise da incerteza regulamentaria, o desacougo pola falta de regulación do noso colectivo e mesmo das nosas competencias no panorama da Europa comunitaria. E neste contexto, cobran especial importancia os colexios profesionais, como o noso, como entidades de control do exercicio da profesión e do visado de proxectos TIC que afectan a ámbitos moi relevantes da vida humana.

Axencia Estatal de Radiocomunicacións

Dende o COETG queremos expresar o noso agradecemento a os tres partidos maioritarios de nosa Comunidade Autónoma polas iniciativas levadas a cabo tanto no Parlamento Galego como no Congreso dos Deputados e no Senado, en aras a conseguir para Galicia a Axencia Estatal de Radiocomunicacións. Así mesmo queremos facer isto extensible aos diversos organismos e entidades que apoiaron a nosa demanda e ao propio Goberno Galego que, na figura do seu presidente, a fixo súa.

Solo desexariamos que dentro dos esforzos orzamentarios que Administración ten fixado en temas de Telecomunicación e Sociedade da Información houbera unha partida para conquistar unha demanda tan amplamente respaldada.

O COETG continua insistindo na súa defensa da candidatura galega para albergar a Axencia Estatal de Radiocomunicacións, dado que será o organismo encargado de xestionar a utilización eficaz dun recurso natural escaso como é o espectro radioeléctrico e xogará un

papel clave no aproveitamento do dividendo dixital. Por isto, o seu asentamento en Galicia reportaría grandes beneficios para a Comunidade galega como a xeración de centos de empregos de calidade con valor engadido, situando a Galicia no mapa global das telecomunicacións. Porque é hora de que Galicia e os galegos pintemos algo neste taboleiro internacional e decidamos o noso futuro desde dentro.

Premiados

Felicito a todos os premiados, ás empresas Eventyam Ingenieros, OpenSoft e Bluemobility. Tamén ao enxeñeiro Rafael Asorey Cacheda, que demostran a capacidade de coñecemento e innovación e o empuxe dos profesionais e empresarios galegos.

Andrea Penza, o noso Socio de Honra, é un modelo a seguir como impulsor das TIC na Europa do século XXI á cabeza da maior federación de enxeñeiros de Telecomunicación do continente.

Edita de Lorenzo, Enxeñeira do Ano, primeira muller que recibe esta distinción e merecedora notable pola súa contribución á capacitación profesional das novas xeracións de enxeñeiros de Telecomunicación desde o seu mando á fronte da Escola de Vigo, que no presente ano cumpre o seu 25 aniversario. Edita, recibe a homenaxe merecida de todos os teus compañeiros e compañeiras.

Amigas e amigos. Aquí está a Galicia tecnolóxica, a Galicia do futuro, disposta a colaborar no desenvolvemento pleno deste país. Agradecemoslle a todos os enxeñeiros da Unión Europea no nome dos seus compañeiros galegos o xesto de acudir a FITCE 2010 e acompañarnos na nosa Noite Galega das Telecomunicacións. Moitas grazas a todos.